



CICLO SUSTENTABILIDADE E CIRCULARIDADE DOS MATERIAIS

Workshop presencial e online

O FINAL DUN PRODUTO, A ORIXE DUN MATERIAL

Xoves, 1 decembro de 2022. De 10:00 a 14:00 h.
CIS Tecnoloxía e Deseño, Ferrol



DE GALICIA

A taxa de recuperación de materiais por reciclaxe de produtos refugados atópase actualmente na Unión Europea por baixo das previsións establecidas. A situación pode mesmo empeorar debido á necesidade de reducir millóns de toneladas de residuos procedentes da eliminación de baterías, paneis solares, motores eléctricos, fustes e pas de aeroxeradores, etc.

Este workshop, organizado pola Axencia Galega de Innovación a través da Materiotecca de Galicia, pecha o ciclo "Materiais para a sustentabilidade e a economía circular". Diríxese a profesionais do deseño e a enxeñería e prescritores tecnolóxicos, con interese pola aplicación de novos materiais en procesos sostíbeis e innovadores.

A primeira parte do workshop centrarase na presentación de tres casos de interese que constitúen exemplos innovadores na recuperación de residuos: a empresa galega INS3RTEGA, especializada na reciclaxe de téxtiles; o centro de investigación zaragozano Aitiip, que presentará os resultados do seu proxecto para a degradación de composites termoestables; e a empresa vasca EcoMagnet, con experiencia na reciclaxe de po de imáns.

A segunda parte, de carácter exclusivamente presencial, terá formato práctico e interactivo a cargo da empresa Materially. Durante este taller presentarase un estudo estratéxico sobre materiais e tecnoloxías para o fin de vida sostíbeis e poñeranse en práctica metodoloxías de traballo grupal sobre unha selección de mostras de materiais caracterizadas polo seu reducido impacto ambiental ao finalizar o seu ciclo de vida.

10.00 - 10.10 h	Presentación do workshop María José Mariño. Axencia Galega de Innovación
10.10 - 10.30 h	Retos da xestión do residuo téxtil Juan Mejjide. INS3RTEGA
10.30 - 11.00 h	Degradación de composites termoestables: proxecto Bizente Berta Gonzalvo. Aitiip Centro Tecnológico
11.00 - 11.30 h	Reciclaxe de imáns Kenny L. Alvarez. EcoMagnet
11.30 - 12.00 h	Pausa-café e visita a Materioteca de Galicia
12.00 - 14.00 h	Taller de presentación de materiais (só presencial) Unai Etxebarria e Iker Agirre. Materially
14.00 - 15.00 h	Peche da xornada e aperitivo - <i>networking</i>